

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

EXTRACTO da Resolución do 17 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións correspondentes a programas de actuación en favor das entidades galegas no exterior para o exercicio 2023 (código de procedemento PR924B).

BDNS (Identif.): 676017.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións establecidas para os programas 1, 2 e 3 desta convocatoria as entidades galegas inscritas no Rexistro da Galegitude en calquera das categorías que figuran na Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude.

Poderán ser beneficiarias das subvencións do programa 4 as entidades galegas inscritas no Rexistro da Galegitude na categoría de comunidade galega.

2. Para os efectos do previsto no artigo 10.2.f) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dada a natureza das subvencións reguladas na presente convocatoria e que as beneficiarias son entidades galegas sen fin de lucro, quedan exceptuadas da prohibición de recibir estas axudas as entidades que teñan a residencia fiscal nos territorios identificados regulamentariamente como paraísos fiscais, sempre que acrediten o cumprimento dos requisitos exixidos para acceder á condición de beneficiarias da subvención de que se trate.

Segundo. *Obxecto*

1. Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, en favor das entidades galegas do exterior para gastos de funcionamento e para proxectos de actuación



dirixidos ao cumprimento dos seus fins, sinaladamente nas áreas sociais, de xuventude, formativas, culturais, que persigan o mantemento ou fomento dos lazos con Galicia, que se concretan nos seguintes programas de actuación (código de procedemento PR924B):

Programa 1. Gastos de funcionamento das entidades galegas do exterior.

Programa 2. Proxectos culturais, sociais, de accións informativas e proxectos promovidos pola xuventude.

Programa 3. Accións de especial relevancia.

Programa 4. Participación na reunión do pleno do XIII Consello de Comunidades Galegas.

2. Así mesmo, é obxecto desta resolución proceder á convocatoria das devanditas subvencións para o ano 2023.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Resolución do 17 de xaneiro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións correspondentes a programas de actuación en favor das entidades galegas no exterior para o exercicio 2023 (código de procedemento PR924B).

Cuarto. *Importe*

Para a concesión das subvencións previstas nesta resolución, destinarase un crédito total de 1.350.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, axudas a entidades no ámbito das migracións, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023. Excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles nas circunstancias sinaladas no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De acordo co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, entenderase



como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2023

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

CVE-DOG: goctx3m8-3yr7-d2n3-6321-s6hb1w3cqqo7

